

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS NO EXERCICIO 2020.

Dende o Concello de Monforte de Lemos como nos exercicios anteriores, preténdese apoiar e incentivar a realización de actividades culturais, mediante o outorgamento de subvencións, á promoción e organización de actividades culturais e artísticas vinculadas á cultura popular e tradicional entendendo por cultura popular e tradicional en especial, as festas, as tradicións, os costumes, a música, os bailes e danzas, as representacións, o folclore, así como calquera outra manifestación de carácter popular e tradicional nos barrios e parroquias deste Concello.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar festas populares nos barrios e parroquias do Concello de Monforte.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria todas as parroquias e barrios do Concello de Monforte de Lemos que promovan festas populares, actuando como representantes os organizadores das mesmas e sempre que xustifiquen:

- a) Carácter tradicional dos actos para os que solicita a axuda.
- b) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.
- c) Non ser debedor coa facenda pública e coa Seguridade Social.
- d) Declaración responsable na que consten as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.
- e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Estas subvencións están suxeitas a IRPF se quen a solicita é unha persoa física, segundo o Artigo 33 da LIRPF, como ganancia patrimonial. Os beneficiarios poderán solicitar certificación da finalidade da axuda recibida ós efectos de comunicalo á Facenda Estatal.

3.- CONTÍA E LIMITES DAS SUBVENCIÓNS.

O importe de cada subvención non poderá superar os 500,00€ por anualidade no caso de festas parroquiais, e os 910,00€ por anualidade no caso de barrios da cidade, en todo caso a achega será proporcional ao numero de solicitudes presentadas e aceptadas.

As axudas reguladas nas presentes bases terán carácter único e non acumulativo.

En ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 17.500,00€ que se imputará á aplicación 338.480.00 do Orzamento municipal do ano 2020.

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo co modelo normalizado que figura como **ANEXO I** das presentes bases.

Á solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas. No caso de que se trate dunha agrupación de persoas ou comisión de festas deberán facer constar o nome de todos os membros e acompañarán o DNI de cada un deles. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.
- b) Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizado ou que se pretende realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- c) Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.

- d) Declaración responsable da entidade ou agrupación solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.
- e) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- f) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin á Seguridade Social.
- g) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentarse no Rexistro Xeral do Concello, Campo de San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de outubro de 2020.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiriráselles aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días emenden as anomalías advertidas, de non facelo entenderase por desistido da súa solicitude.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS E A SÚA PONDERACIÓN.

Serán subvencionables os gastos derivados do fomento de actividades e programas relacionados coas festividades locais.

No caso de que o proxecto se adecúe á finalidade da subvención percibiranse as seguintes cantidades:

Festa nas Parroquias: 500,00 €.

Festas nos Barrios: 910,00 €.

No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao importe establecido coma máximo, reduciranse proporcionalmente.

8.- INSTRUCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos servizos administrativos da Concellaría de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará formada pola Concelleira de Cultura, o técnico do servizo de cultura e un membro da Intervención que actuará como secretario con voz e voto. A comisión terá como función á emisión dun informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada, que se elevará á Xunta de Goberno para a súa resolución definitiva.

10.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterá, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención, a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de un mes a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

O vencemento do prazo sen ter notificado a resolución da concesión, lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

11.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

12.- RECURSOS.

Contra o acordo de concesión ou desestimación cabe recurso de reposición con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación. ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na Forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As obrigas serán as xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións.

14.-FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do beneficiario e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Facenda Local, Autonómica e Estatal) ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Estas subvencións están suxeitas a IRPF se quen a solicita é unha persoa física, segundo o Artigo 33 da LIRPF, como ganancia patrimonial. Os beneficiarios poderán solicitar certificación da finalidade da axuda recibida ós efectos de comunicalo á Facenda Estatal.

15.- XUSTIFICACIÓN.

Prazo para actividades desenvoltas no exercicio 2020: ata o día 7 de decembro de 2020 incluído.

Documentación a presentar para a xustificación: A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- a) Conta xustificativa (ANEXO II e III):
A Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa, **as facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento.** En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.
En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pagamento das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados (ANEXO III).
- b) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (ANEXO II).
- c) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

17.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.



Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturar, que son os seguintes:

- a) Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.
- b) Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e enderezo de quen a expide e do destinatario.
- c) Descrición e data de realización da operación e a súa contraprestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co IVE incluído).
- d) Lugar e data de emisión.

As facturas deberán estar datadas no exercicio no que se concedeu a subvención.

Si se está exento de IVE, engadir na factura: EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTIGO QUE CORRESPONDA SEGUNDO OS SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DECEMBRO, DO IVE.

18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Monforte de Lemos, 27 de xullo de 2020

A Concelleira de Cultura

Marina Doutón Rajo



SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E DE BARRIOS DA CIDADE ANUALIDADE 2020

ANEXO I

Don/a _____ con DNI _____ en representación de: (marcar a que proceda)

Asociación _____ con CIF _____

Comisión de festas formada polos seguintes integrantes:

DNI	Nome e Apelidos

Con enderezo a efectos de notificacións en _____ e teléfono de contacto _____

SOLICITA unha subvención por importe de _____ para a celebración da festa da parroquia/barrio de _____, de acordo co seguinte:

DATAS DA CELEBRACIÓN _____

ACTIVIDADES

PREVISTAS _____

DECLARA:

- o que son certos cantos datos figuran nesta solicitude e na documentación que se achega,
- o que o solicitante non concorre con ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas establecidas no artigo 13 da Lei Xeneral de Subvencións,
- o non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin coa Seguridade Social.
- o ter solicitado e/ou recibido as seguintes subvencións e/ou axudas para a mesma finalidade:
 - Contía: _____ € Organismo/s: _____
 - Contía: _____ € Organismo/s: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

- o Fotocopia compulsada do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas (de todas as persoas compoñentes da Comisión de festas de ser o caso).
- o Datos bancarios da conta á que se transferirá o importe da subvención, correspondendo a titularidade ó beneficiario e debidamente certificada pola entidade bancaria.

Monforte de Lemos, de de 20....

O/a representante legal da entidade

Asdo:

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E DE BARRIOS DA CIDADE ANUALIDADE 2020

ANEXO II

DECLARACIÓN DE REALIZACIÓN DAS FESTAS SUBVENCIÓNADAS NO EXERCICIO 2019

PARROQUIA/ BARRIO DE _____

Don/a _____ con DNI _____ en representación de (marcar a que proceda)

Asociación _____ con CIF _____

Comisión de festas de _____

DECLARA que:

1. As festas que a continuación se relacionan foron subvencionadas polo Concello de Monforte de Lemos na convocatoria de subvencións para o exercicio 2019 e realizáronse de conformidade co establecido nas bases da mesma e na memoria presentado ao efecto.

2. Que para o desenvolvemento deses programas SI/NON (táchese o que non proceda) se obtiveron subvencións doutras Administracións Públicas, entes públicos ou privados, nacionais e internacionais.

******(En caso afirmativo) Que as subvencións obtidas doutras Administracións Públicas, entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, para os programas subvencionados polo Concello de Monforte de Lemos, foron polos importes que se indican:

ORGANISMO	IMPORTE
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS OBTIDAS	

3. Breve descrición das actividades realizadas con motivo das festas subvencionadas.

4. Non ser debedor coa Facenda Estatal, Local e Autonómica, nin coa Seguridade Social.

(A entidade comprométese a achegar cantos documentos sexan requiridos polo Concello para a verificación do exposto, así como cantas inspeccións considere oportuno realizar)

Monforte de Lemos, de de 20....

O/a representante legal da entidade

Asdo:



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E DE BARRIOS DA CIDADE ANUALIDADE 2020

ANEXO III

XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

FESTAS SUBVENCIONADAS (BARRIO / PARROQUIA) _____

RELACIÓN DE XUSTIFICANTES

Provedor	CIF/NIF Provedor	Nº factura	Importe

TOTAL IMPORTE XUSTIFICADO	
----------------------------------	--

Don/a _____ con DNI. _____ en representación de (marcar a que proceda)

- Asociación _____ con CIF _____
- Comisión de festas de _____

DECLARA que son certos todos os datos reflectidos na presente Memoria.

Monforte de Lemos, de de 20....

O/a representante legal da entidade

Asdo: